



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expediente: 2023/G010/00009

Valdoviño, 1 de xuño de 2023.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, ditado decreto convocatoria 298/2023 de data 29.05.23; sesión para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PSdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE.

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández, do PsdeG-PSOE

M^a Pilar Caamaño Vilela, do PsdeG-PSOE

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asiste por causas xustificadas: Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG)

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro.

Abre a sesión o Presidente vista a existencia de quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 3.05.23 (ORDINARIA).-

O sr. Alcalde, que preside a sesión, preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta citada queda aprobada sen ningunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión).

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2023.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de abril de 2023, que comprenden do número 168 ao 226 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

Sra. Testa Ameneiros.- Canto tempo se contrata aos peóns?

Sr. Alcalde.- Sobre cinco meses.

Sra. Testa Ameneiros.- Xa empezaron a traballar?

Sr. Alcalde.- Si.

3º.- DAR CONTA DA REMISIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DOS EMPREGADOS ISPA.-

Dáse conta ao Pleno da Corporación de que se remitiu os resumes ISPA- dos empregados, persoal eventual e cargos electos- 2022 de xeito telemático ao Rexistro Electrónico General de la AGE, constando no expediente os xustificantes de presentación.

Da dita documentación entregouse copia xunto coa convocatoria da sesión plenaria aos membros da Corporación.

O Pleno da Corporación tomou razón.

4º.- DAR CONTA DE RENDICIÓN DE EXECUCIÓN. TRIMESTRE 1 EXERCIZO 2023.-

Dáse conta ao Pleno de que se rendiron as execucións trimestrais das entidades locais, neste caso do 1º trimestre de 2023.

Dos xustificantes da rendición entregouse copia xunto coa convocatoria da sesión plenaria aos membros da Corporación

O Pleno da Corporación tomou razón do informado.

-

FÓRA DA ORDE DO DIA

Por via urxenza, que queda ratificada polo Pleno por unanimidade dos presentes, inclúese fóra da Orde do Día da sesión a seguinte proposta de Alcaldía, dado que non se van a

celebrar máis sesións plenarias ata unha vez ter organizadas as sesións do vindeiro mandato; coma consecuencia das eleccións locais.

- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA BAIXADA DE CARRILANAS A SAN MAMEDE COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO:

“Visto o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de intereses turístico de Galicia, o Concello de Valdoviño considera que a Baixada de Carrilanas a San Mamede cumpre os requisitos establecidos pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ser declarada festa de interese turístico de Galicia pois é un evento deportivo de carácter popular e festivo que dende fai máis de vinte anos demostra a acollida, amabilidade e hospitalidade de Valdoviño.

A Baixada de Carrilanas a San Mamede é reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local cuxas tradicións e costumes impulsaron a celebración de este evento deportivo de inercia que foi innovando ao longo das sucesivas edicións anuais.

O arraigo popular da Baixa de Carrilanas a San Mamede é consecuencia directa do carácter participativo da poboación local pois este evento deportivo xurdiu por unha iniciativa veciñal no ano 1997 que o tecido asociativo de Valdoviño foi capaz de dar continuidade constituíndo a Asociación de Carrilanas de Baixada a San Mamede.

A labor organizativa e promoción turística realizada ao longo do tempo permitiu dar a coñecer a Baixa de Carrilanas a San Mamede a un maior número de persoas e traspasar as fronteiras. Proba de elo, é a inclusión do evento local nas probas organizadas pola Federación Galega de Deportes de Inercia, a Federación Española e a Federación Europea desta disciplina, así como os Campionatos de España e Europa.

Así as cousas, esta Alcaldía en funcións ao amparo do establecido na Sección 2ª, Capítulo I e Título III do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro propón directamente ao Pleno do Concello de Valdoviño

Primeiro.- Solicitar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia a declaración da Baixada de Carrilanas a San Mamede como festa de interese turístico de Galicia pois é indiscutible o valor cultural e atractivo turístico que ofrece ano tras ano pois transmite valores asociativos que respectan a tradición popular en un entorno privilexiado.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde en funcións. na data indicada a marxe/”.

A concelleira Testa Ameneiros comenta que tamén se puido traer antes este asunto a sesión e responde o sr. alcalde que non o tivo hasta hoxe.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.(Expte. 2023/X999/000074).

5º ROGOS E PREGUNTAS.-

Sra. Veiga Doce.- Felicito aos tres grupos. O PSdeG-PSOE segue cunha situación cómoda. O Partido Popular e o Bloque duplicaron os concelleiros.

En Urbanismo debe de haber máis xente para axiliar a concesión de licenzas.

Sr. Alcalde.- É así en máis servizos. Contratouse a moita xente. En servizos sociais duplicamos o persoal. Coa Relación de Postos de Traballo estruturouse a todo o persoal.

Estamos cumprindo cos proesos de estabilización. Temos un problema coa contratación da Traballadora Social porque non podemos sacar a praza pola Lei Montoro. Necesitamos máis persoal.

Grazas aos traballadores municipais puidose dar axuda aos veciños nos difíciles momentos do COVID e as licenzas dánse en prazo agás que falten autorización sectoriais.

Sra. Veiga Doce.. Vaise reformar o Pleno?

Sr. Alcalde.- Fia falta máis espazo e un Concello acorde ao crecemento de Valdoviño.

Sra. Veiga Doce.- Sería bo axilizar as reparacións de estradas. Hai que esixir a Viaqua que cando faiga acometidas que reparen. ¿E o campo de Mourente?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Xa quedou listo o riego e falta a programación.

Sra. Veiga Doce.- Se unha empresa incumpre cunha obra despois se lle pode volver a adxudicar?

Sra. Secretaria.- Se non se inicia expediente de prohibición de contratar, sí. Primeiro hai que resolver o contrato por incumprimento culpable.

Sra- Veiga Doce.- Por qué hai liña discontinua en Taraza?

Sr. Alcalde.- Aprobarase en Pleno, o aprobastedes vosoutros.

Sra. Testa Ameneiros.- A xente protestou en Taraza. Debería terse mirado ben a colocación de contedores antes de facer as sinalizacións.

Sr. Alcalde.- Non. Hai que cumprir a normativa. Si se plantexa a colocación de contedores falase coa Policía. Podese modificar, pero non a demanda da xente. Hai que buscar a eficacia e mellora do servizo. Nos viais con beirarrúas fixo a proposta a Policía local. Si se propón outra modificación que se diga.

Sra. Testa Ameneiros.- Non houbo alegacións?

Sr. Alcalde.- Non.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo ás vinteunha horas e dez minutos; do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde na marxe esquerda/